

## TEXTO CONSOLIDADO

### GUÍA PARA A PRESENTACIÓN DO TFG

(Aprobado pola Comisión de Docencia/Título o 27 de Setembro de 2013) (Modificada pola Comisión de Docencia/Título o 19 de setembro de 2014)

(Modificada pola Comisión de TFG o 3 de outubro de 2019) (Modificada pola Xunta de Escola o 14 de outubro de 2024)

A Guía para o Traballo Fin de Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos céntrase en describir os aspectos formais da presentación escrita do mesmo. Por tanto, mediante esta Guía preténdese informar as características e aspectos formais da presentación do Traballo que hai que realizar para optar ao Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e que incluírá como mínimo tarefas de procura e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, redacción e presentación. (Guía E.U. RRLL Lugo)

#### **1. Organización e presentación do traballo**

A estrutura dos traballos de Fin de Grao adecuarase aos apartados apuntados nesta Guía.

Dado o carácter persoal que ten o TFG, non se propón ningún esquema pechado de desenvolvemento sendo cada alumno co seu director os que deseñen o traballo.

O alumno deberá comprobar previamente á defensa do TFG a compatibilidade dos medios de presentación que vai empregar.

Neste apartado ímonos a referir aos aspectos formais que debe reunir o Traballo de Fin de Grao.

##### **1.2. Estrutura**

Os TFG terán unha extensión mínima de 8.000 palabras e máximo de 12.000 que deberán estruturarse, de acordo co establecido no artigo 15 do Regulamento, nos seguintes apartados:

- Portada (ver anexo 1), na que constará o seguinte:
    - Logotipo da facultade
    - Traballo Fin de Grao / Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
    - Título completo do traballo
    - Autor/a
    - Titor/a
    - Ano académico de presentación e oportunidade O
- color da portada será: RGB (R21-G119-B1)

- Primeira páxina (ver anexo 2), na que aparecerán os mesmos datos que na portada, debendo constar o título en galego, español e inglés. Incorporarase tamén a sinatura do/a alumno/a.
  - Color da primeira e restantes páxinas do traballo será branco.
- Índice de contidos (capítulos, apartados, táboas,...)
- Breve resumo (entre 200 e 300 palabras)
- Introducción, na que se fará referencia ós obxectivos do TFG
- Contidos
- Conclusións
- Bibliografía utilizada

### 1.3. Encadernación

Derogado

### 1.4. Formato

- Paxinación: o traballo realizarase a unha soa cara e numeraranse na marxe inferior dereito.
- Formato:
- Marxes:
  - Esquerdo: 3 cm.
  - Dereito: 3 cm.
  - Superior: 2,5 cm.
  - Inferior: 2,5 cm.
- Espazo interlineal: 1,5 liñas
- Espazo anterior: Auto
- Espazo posterior: Auto
- Tipo de letra: Arial
- Tamaño de letra: 11 puntos
- Aliñación: Xustificada completa

### 1.4. Notas ao pé

Derogado

## 1.5. Citas e referencias bibliográficas

### • *Citas no texto*

O alumno poderá utilizar os seguintes recursos:

- Citación no corpo de texto (sistema Harvard).
- Citación no corpo de texto (sistema APA).
- Citación en nota ao pé de páxina.

### • *Notas explicativas*

Situaranse ao pé de páxina, numeradas mediante caracteres arábigos. As notas poderán incluír explicacións adicionais.

### • *Táboas e Gráficos*

As táboas e gráfico numeraranse ao longo do traballo, cun título do tema. A fonte de información poñerase a pé de táboa (non e nota a pé).

### • *Referencias bibliográficas*

As referencias bibliográficas ao final do traballo deben seguir a seguinte norma:

a. Libros:

APELIDO/S, inicial do nome. (ano de edición). Título. Lugar de edición: Editorial

b. Capítulo do libro:

APELIDO/S, inicial do nome. (Año de edición). Título do Capítulo. En: Datos da obra completa (nome e apelidos do editor/coordinador, Título da obra). Lugar da edición: Editorial. Páxinas que ocupa o capítulo.

c. Documentos electrónicos:

APELIDO/S, inicial do nome. (Año de edición). Título do traballo en liña. Dirección HTTP. Data da consulta.

## 1.6. Idioma

O TFG poderá ser redactado en castelán ou en galego

## 1.7. Anexos

O TFG poderá contar con anexos de complemento do mesmo que se situarán ao final do traballo e deberán estar numerados con números arábigos. Non se computarán no número total de palabras esixidas.

En Lugo, a 14 de outubro de 2024

DILIXENCIA
------------

Para facer constar que a presente guía foi publicada na páxina web da Escola o día 18 de Outubro de 2024
--

## ANEXO I

ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS  
LABORAIS (LUGO)TRABALLO DE FIN DE GRAO  
GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

Título de Tráballo Fin de Grao

Autor/a: Nome Apelido Apelido

Titor/a: Nome Apelido Apelido

Lugo

Ano académico 2024/2025 – Oportunidade de febreiro/ xullo/ setembro

**ANEXO II**

**TRABALLO DE FIN DE GRAO**

**GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS POLA  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Título (en galego)

Título (en castelán)

Título (en inglés)

Autor/a: Nome Apelido Apelido SINATURA

Titor/a: Nome Apelido Apelido

Lugo

Ano académico 2024/2025 – Oportunidade de .....